

# OSANGUE

Pedro Costa, 1989

# 1073

---

ESTREA EN NUMAX: 03.03.2023 | V.O.S.G. | 99 min

É Nadal, noite de ano novo. Dous irmáns, de 18 anos e 10 anos, prometen gardar un segredo: esta vez, o seu pai marchou para sempre. Mentres tratan de manter a promesa, os irmáns sepáranse. Segredos, xuramentos e separacións: a noite da infancia.

Unha das obras fundamentais da cinematografía mundial, nunha nova versión restaurada en 4K.

«Dun esplendor absoluto, unha obra dunha beleza que deixa sen alento»

Frédéric Bonnaud, LES INROCKUPTIBLES

---



## A dualidade da ópera prima de Pedro Costa

Philippe Azoury, nun ensaio titulado *Huérfanos*, menciona que *O sangue* é ao mesmo tempo ópera prima e excepción, pois é unha obra máis lírica que as que virán despois. A esta idea podemos engadir que o primeiro traballo dun director sempre encerra a inocencia da xuventude, así como o xerme dos trazos que explorará nos seus seguintes traballos. Para poder entender o papel que xogou a primeira longametraxe de Pedro Costa no resto da súa obra é importante non perder de vista esta dualidade.

Un bo exemplo desta dualidade é a maneira na que o filme trata o tema da casa. O proceso de madurez de Vicente, como o de Nino, supón a fuxida das casas dos arredores e do tío, respectivamente. Tras esta análise dedúcese que de aquí xurde o problema fundamental para Pedro Costa: a relación coa casa, a raíz que nos conecta a un espazo. Pero se en *O sangue* a casa acolle fuxitivos, no futuro, no caso de Ventura e Vanda, a casa será un lugar de refuxio, un fogar. De novo citamos o texto de Azoury: “En *O sangue* é necesario romper lazos co fogar. Para Vanda e Ventura, a súa casa é o único lazo”. As relacións coloniais entre Portugal e os emigrantes de Cabo Verde, a chegada de Leão á súa patria en *Casa de lava* (1994), a conexión cos habitantes do barrio de Fontainhas en *No cuarto da Vanda* (2000) ou *Xuventude en marcha* (2006) ou, incluso, simbolicamente, a relación emocional da parella Straub-Huillet coa súa sala de montaxe en *Onde xace o teu sorriso escondido?* (2001), fan do cinema de Pedro Costa unha continua busca do fogar. Unha busca que empeza ao final de *O sangue*, coa mirada chea de determinación de Nino e o seu “vou casar”, dito a Clara momentos antes.

Non obstante, o tema da casa ten tamén outra lectura. Pedro Costa, en referencia a *O sangue*, dixo que era “un filme moi protexido polo cinema”, referíndose a que a “protección” viña das citas e influencias de varios autores cos que Costa aprendera o sétimo arte. Por este motivo, a chegada de Nino á casa representa tamén o crecemento do propio cineasta, no sentido de que encontra un “fogar”, é dicir, un universo propio temático e estético.

O fogar que Pedro Costa construírá prescindirá de calquera luxo e encamiñárase cara un despoxo de medios, xerando unha ética moi persoal do traballo, inseparable da ética no trato coas persoas. Como se obedecese ordes que Clara da a Vicente, “máis preto, máis preto”, o cineasta utilizará un reducido equipo de rodaxe con cámaras lixeiras para achegarse cada vez máis á xente que quere observar. Só se crea un lazo familiar con eles e dilúe as fronteiras entre cinema e vida pode asumir tal grado de compromiso. Para Pedro Costa, “o cinema é un oficio, é como ser albanel”. Podemos dicir que o orgullo dun modo de vida sen grandes posesións, como o de Ventura e Nino será máis tarde o lugar que Pedro Costa escolla para facer cinema, á marxe das grandes producións, só os aparatos técnicos pequenos lle permitirán saír da casa todos os días pola mañá, ir aos mesmos sitios coa mesma xente e rodar determinado tema.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Cofre Pedro Costa,*  
Pedro Costa.  
Intermedio [DVD]

*No Quarto da Vanda.*  
*Conversa com Pedro Costa,*  
VV. AA.  
Orfeu Negro, 2013

*Vitalina Varela. Caderno de rodagem,*  
Pedro Costa.  
Pierre von Kleist, 2019